



Programa 2024

Venres  
29 DE NOVEMBRO



A partir das 11h **RECINTO Os Bolechas**. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Toda a familia bolechas estará paseando polo recinto do Culturgal.

**RECINTO Plató TVG**

Un espazo permanente no que probar como é ser presentador/a de televisión.

11:30h **ESCENARIO C ACTO DE APERTURA**

Ao finalizar o acto de apertura haberá un pase da peza “**Glass**”. En colaboración co alumnado do Grao de Xestión Cultural da USC.

O Conservatorio Profesional de Danza de Lugo traballa nas aulas pezas de Repertorio dentro da súa programación anual. O alumnado de 5º curso de GP da especialidade de Danza Contemporánea porá en escena a obra ‘Glass’, de Isabelle Beernaert preparada pola profesora Alba Felpete Facal.

11:30h **ESPAZO ARTE Facultade de Belas Artes de Pontevedra**: Ciclo de *performances* ‘Neodoctrinas’, comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez-Lucía Leirós).

**Simposion’t**. Ana Allegue e Javier Rouco Mariño.

12:30h **AUDITORIO A nena e o grilo, o camiño das cores**

A cuarta e última entrega deste espectáculo, o musical infantil máis aclamado na escena galega nos últimos 15 anos. Con Magín Blanco e Ghazafellos. Pase para alumnado de centros educativos.

13:00h **ESCENARIO A Premio Manu Lago de circo**. Actividade Pistacatro IX D10! Encontro de Formación e Innovación en Circo. Presentación do Censo Novo Circo Galego e dos Premios Manu Lago de circo. A cargo da Asociación Profesional de Circo de Galicia – APCG, con Raquel Oitavén e Antón Coucheiro.

Venres  
29 DE NOVEMBRO



- 13:30h **ESPAZO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra:** Ciclo de *performances* 'Neodoctrinas', comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez-Lucía Leirós).  
**Invierno.** Lista Corredoira.
- 16:00h **ESCENARIO A** **10 anos de presente e futuro das profesións plásticas escénicas e audiovisuais.** Asociación de Artistas Plásticos Escénicos e Audiovisuales de España.  
Presentación do último catálogo da AAPEE. Falarán da traxectoria da asociación e dos logros e retos que afrontan os artistas plásticos escénicos, así como as diversas actividades que realizan.
- 16:00h **ESCENARIO B** **Certame de Poesía Rosalía de Castro (2019-2023).**  
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.  
Asociación Cultural Galega 'Rosalía de Castro de Cornellá'.  
Presentación do libro.
- 16:00h **ESCENARIO ARTE** **Debuxando o Golem.**  
Fernando Igleasias (Kohell) ilustra en directo o seu proceso creativo.
- 16:30h **AULA** Inauguración e presentación **AI Revolution Galicia – Intelixencia Artificial. CULTURGAL 2024**  
Alba Meijide.
- 16:45h **ESCENARIO C** **GLASS.** En colaboración cos estudantes do Grao de Xestión Cultural da USC.  
O Conservatorio Profesional de Danza de Lugo traballa pezas de Repertorio na súa programación anual. O alumnado de 5º curso de GP da especialidade de Danza Contemporánea porá en escena a obra 'Glass', de Isabelle Beernaert preparada pola profesora Alba Felpete Facal.

Venres  
29 DE NOVIEMBRE



- 17:00h **ESCENARIO A** **Quen quere ser mago?** Obradoiro de maxia para aprender en familia. Economía Social de Galicia.  
A cooperativa Magia en la Manga ensínanos a ser mago por un día da man de auténticos magos profesionais. 20'
- 17:00h **ESCENARIO B** **Liberdade para o galego.**  
A Mesa pola Normalización Lingüística.  
Marcos Maceira e Elsa Quintas presentan o libro *Falemos de liberdade* que trata sobre a situación do galego.
- 17:00h **ESCENARIO ARTE** **Atelier.**  
Miguelanxo Prado ilustra en directo o seu proceso creativo.
- 17:00h **AULA** **Obradoiro Ven e baila.**  
Obradoiro de danza impartido por Artur Puga.
- 17:00h **AULA** Presentación sobre o proxecto **DeFilm** (DeFilm: IA e Blockchain aplicada ao financiamento de creadores e produción audiovisual). **AI Revolution Galicia – Intelixencia Artificial. CULTURGAL 2024.**  
Iván López Gimeno.
- 17:45h **AULA** **MEDRETIA** e **PLATVR**. Proxectos do **CLAG** baseados na IA. **AI Revolution Galicia – Intelixencia Artificial. CULTURGAL 2024.**  
Óscar González Represas. Director IT & IA technologies Division en ITG-Instituto Tecnolóxico de Galicia. Vocal Innovación do Clúster Audiovisual Galego.
- 18:00h **ESCENARIO A** **Cando o proceso conta. Raíces, da Utopía en diante.**  
Economía Social de Galicia.  
Feitoría Verde e Illa Bufarda presentan 'Do desequilibrio aos soños compartidos'. Creación de narrativas de futuro sostibles', obradoiro que culmina na curta 'Raíces, da utopía en diante' realizada coas mulleres da Asociación Veciñal O Reguiño.

Venres  
29 DE NOVIEMBRE



- 18:00h **ESCENARIO B Filla das ondas.** Kalandraka  
Pontevedra entre o medievo e a actualidade, a recuperación do casco histórico e o seu revolucionario modelo urbán afloran neste de Fina Casalderrey ilustrado por Xosé Cobas. Coa presenza de Fernández Lores, alcalde de Pontevedra.
- 18:00h **ESCENARIO ARTE Gelatina tiene hambre.**  
Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos.  
Presentación do videoxogo 'Gelatina tiene hambre'.
- 18:30h **AULA IA, Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica. Xornada IA.**  
Julián Cerviño (director de AMTEGA).
- 18:30h **ESPAZO ARTE Facultade de Belas Artes de Pontevedra: Ciclo de performances 'Neodoctrinas', comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez-Lucía Leirós). Simposion't.** Ana Allegue e Javier Rouco Mariño.
- 18:30h **AULA Asemblea da Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos.**
- 19:00h **AULA Mesa de debate AI Revolution Galicia – Intelixencia Artificial. CULTURGAL 2024**  
Alba Meijide, Iván López Gimeno, Óscar González Represas e Julián Cerviño.
- 19:00h **ESCENARIO INFANTIL Alicia para as minchiñas.** Economía Social de Galicia.  
Espectáculo con poesía, xogo e música da compañía A Feroz. Alicia, o Coello Branco, o Sombreireiro Tolo etc. saen das páxinas do libro para pasar a tarde coas minchiñas e tomar té con contos. A partir de 3 anos. 45'.
- 19:00h **AULA Obradoiro Ven e baila.**  
Obradoiro de danza impartido por Artur Puga.

# Venres

29 DE NOVEMBRO



- 19:00h **ESCENARIO A** **Construímos un hotel para insectos, refuxio da fauna aliada.** Economía Social de Galicia.  
A un tempo que Rosendo Luís Estévez Parada reflexiona arredor da súa obra 'Pragas e doenzas' (Catro Ventos Editora) e da importancia da biodiversidade, o público asistente poderá aprender a elaborar unha ferramenta natural para o control de pragas e a mellora da polinización. 30'
- 19:00h **ESCENARIO B** **Mesa de poesía.** Editorial Galaxia.  
Con Pilar García Rego, Neves Rodríguez e Medos Romero. Modera Tamara Andrés. Modera Marcos Calveiro.
- 19:00h **ESCENARIO C** **CA-CO-FLEX!** Axudas REGA. Xunta de Galicia.  
Proxecto de artes escénicas sobre o acceso á vivenda nas vilas e cidades de Galicia e as dificultades para independizarse da "xeración millenial". Isabel Fernández (creación e dirección), Julia Marín (espazo escénico) e Ziggi Iglesias, Alixa Ladson, Mateo Rodríguez, Lúa Pagán e Hugo González (actores e creadores).
- 19:00h **ESCENARIO ARTE** **Traxes viquingos con encaixe de camariñas.** Concello de Catoira.  
Desfile de 6 traxes con intervencións da ceramista Mar Barral, nos que se combina a cerámica co encaixe de Camariñas.
- 19:00h **CINE** Película e coloquio **'Filmei paxaros voando'** (Sétima) 100 min + coloquio con Zeltia Outeiriño, directora, e Silvia Fuentes, produtora. NRM 7 anos.
- 19:30h **ESPAZO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra**  
Ciclo de *performances* 'Neodoctrinas', comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós).  
**Invierno.** Lista Corredoira.

# Venres

29 DE NOVEMBRO



- 19:00h **ESCENARIO A** **Artistea, o fogar das artes no sur de Galicia.**  
A Residencia de artistas de Ponteareas, a primeira de titularidade municipal e 100% pública, vén de entrar en funcionamento para converterse nun referente no impulso á creación artística. Presentar os diferentes programas que acollerá.
- 20:00h **ESCENARIO B** **A poesía de Ferrín, un río de longa e accidentada singradura.** Editorial Xerais.  
Fran Alonso entrevista a Anxo Angueira, quen analiza e recita a poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín.
- 20:00h **ESCENARIO ARTE** Presentación do catálogo '**Outras historias posibles**' con *performance* de María Gimeno. Xunta de Galicia.  
Unha exposición que reúne e revisa o traballo de seis artistas nadas na década dos anos cincuenta para xerar outras historias que completen as xa coñecidas. Pode verse no Museo Centro Gaiás ata principios de xaneiro de 2025. Comisariada por Susana Cendán, con obras de Ana García Pan, Emilia Guimeráns, Anne Heyvaert, Tusi Sandoval, Blanca Silva e Laura Terré.
- 21:00h **AUDITORIO** **Sesión Bravú**  
Proxección do documental BRAVÚ XXX, producido por Nós Televisión, sobre a historia do movemento Bravú. Con Xurxo Souto.  
Concerto da Banda Xangai e as pontevedresas Rager.  
Gratis coa entrada ou bonos de Culturgal. Ata completar aforo.

Sábado  
30 DE NOVIEMBRE



11 a 14:00h **AULA** Obradoiro Galicia Dixital.

Asociación Cultural Obradoiro Dixital Galego.

Emisión en Twitch de entrevistas con participantes en Culturgal.

### **FESTA PUNTOGAL PRESENTADA POR PAULA CARBALLEIRA**

12 a 16:00h **RECINTO** Coñece a FIRST® LEGO® League

Programa educativo que fomenta a vocación científica dos 4 aos 16 anos. Coa presenza de equipos participantes na pasada edición.

Comprobaremos que programar un robot non é tan complexo como e coñeceremos o “Xogo do Robot”.

18:00h **ESCENARIO C** Combate de debuxantes Alls Stars.

Competición de debuxo improvisado organizada por Autobán na que participan combatentes das provincias de Galicia: Antón Yáñez (A Coruña), Sandra Lodi Lugo), Aarón Moucho (Pontevedra) e Sapoconcho (Ourense). Presenta Miguel Porto.

19:00h **PAVA**

Concerto

20:00h **Caamaño&Ameixeiras**

Concerto

### **RECINTO** Plató TVG

Un espazo permanente no que probar como é ser presentador/a de televisión.

11:30 a 14h e de 17h a 19:30h. **RECINTO** Presentación do xogo **Hi-Score Science en galego**, un xogo gratuito de preguntas e respostas para dispositivos móbiles que o CSIC e o Consello da Cultura Galega estrean en galego no CULTURGAL. Todas as respostas terán un agasallo.



# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 11:30 a 14h e de 17h a 19:30h. **RECINTO XI Campaña de recollida de dentes de leite do Rato Pérez.** A Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia volve colaborar nesta campaña, iniciativa do Centro Nacional da Evolución Humana (CENIEH) de Burgos, que leva recollidas máis de 5000 pezas dentais. Todas as persoas donantes levarán un agasallo do Rato Pérez.
- 11 a 20h **ESPAZO ARTE** Instalación. Proxecto **Perpetuando.** Ana Monteagudo e Olaia Sendón (coordinadoras) co alumnado de 2º de imaxe do CIFP Imaxe e Son da Coruña. Coa colaboración de Palitroques.
- 12:00h **ESCENARIO INFANTIL A Fantochooteca.** Economía Social de Galicia. Un proxecto da compañía Fantoques Baj, distribuído pola cooperativa Urdime. A actividade, de 2h de duración, inclúe unha primeira hora na que o público poderá escoller entre participar nun espazo habilitado como biblioteca (con obras de Inacio Vilariño editadas por Baía, todas elas textos de teatro de monicreques) ou participar nun obradoiro de monicreques. Na segunda hora interpretarase a peza de monicreques.
- 12:00h **ESCENARIO A Cartas na escuridade.** Concello de Pontevedra VI Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil, presentación do libro de Lois Pérez. 30'
- 12:00h **ESCENARIO B Mesa literatura infantil e xuvenil.** Editorial Galaxia Con David Cortizo, Brais Babarro, Sandra Lodi. Modera María Pereira.
- 12:00h **ESCENARIO C O Faiado.** En colaboración cos estudantes do Grao de Xestión Cultural da USC. Presentado por PuntoGal. Gravación do podcast pola equipa de O Faiado.

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 12:00h **ESCENARIO ARTE** **Arte e compromiso social.** A Colectiva.  
Catara Rego, Eva Antelo e Andrea Costas falarán do papel des artistas como xeradores de pensamentos, como axentes político-sociais e demais cuestións derivadas. Modera Sergio Marey.
- 12:00h **CINE** Película e coloquio **'Os espazos en branco'** (Serea) 77 min + coloquio con Bruno Arias, director e Álvaro Liste, produtor. Apta para todos os públicos.
- 12:00h **AULA** **Xuntanza.** Clubs de lectura.
- 12:00h **AULA** **Mesa Xeneracional. Actividades Pistacatro IX D10! Encontro de Formación e Innovación en Circo.**  
Participa a Compañía Escarlata Circus.
- 12:30h **ESPAZO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Programa de *performance*. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós). **Simposion't.** Ana Allegue e Javier Rouco Mariño.
- 12:30h **AULA** **Obradoiro Ven e baila.**  
Obradoiro de danza impartido por Artur Puga.
- 13:00h **ESCENARIO A** **Mergullando sen nos mollar.** Economía Social de Galicia  
Unha ollada inmersiva ao patrimonio somerxido. A cooperativa 13 GRADOS percorre o mundo submarino galego en imaxes 360°. Para achegármonos á vida mariña empregando lentes de realidade virtual. Maiores de 6 anos. 45'.
- 13:00h **ESCENARIO B** **Abril é un país: conversa arredor do 50 aniversario da Revolución dos Caraveis.** Kalandraka  
Cando se cumpre medio século deste fito histórico, unha perspectiva actual sobre a evolución política e social do país veciño. Tereixa Constenla e Ramón Rozas.

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 13:00h **ESCENARIO C** **I-rradia Crea.**  
A entidade celebra os seus 15 anos cun acto presentado por Juanjo Figueroa e a actuación musical de Néstor Pardo. Ao final haberá unha degustación de viños da Ribeira Sacra por cortesía de Bodegas Regina Viarum.
- 13:00h **ESPAZO ARTE** **El espacio entre el miedo y las flores.** Sarao Studio.  
*Performance* de Andrea Mosquera Guerrero. La mutabilidad de los cuerpos, la deconstrucción y regeneración constante. Lo que sucede fuera afecta dentro. La permeabilidad, lo sensible. 30'.
- 13:00h **ESCENARIO ARTE** **The Wall, o primeiro videoxogo galego.** Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos.  
Presentación do videoxogo co MUVi e o seu creador Álex González.
- 13:00h **AULA** **'Quen conta tamén le'.** Clubs de lectura.  
Encontro con Vanesa Sotelo.
- 13:00h **AULA** **Crear dende a igualdade. Actividades Pistacatro IX D10! Encontro de Formación e Innovación en Circo.**  
Participan Pistacatro e Rosa Collel.
- 13:30h **ESCENARIO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Programa de *performance*. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós).  
**Membrana de refugio. Una política de ensueño.** Candelieri.
- 14:00h **ESCENARIO B** **Mulleres que viven soas: o proceso creativo.** Berrobambán.  
Paula Carballeira e Xiana Arias comparten o proceso que levou unha sesión de Paula no Maratón de Cuentos de Guadalajara, á produción de dez podcast da man de Xiana á coprodución de Berrobambán e FIOT de Carballo da montaxe teatral #MQVS. Mulleres que viven soas\_Podcast.

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 14:00h **ESCENARIO ARTE** **Os misterios de Bill Watterson e Jonh Katch.**  
Editorial Retranca.  
Mostra do proceso creativo dos ilustradores.
- 16:00h **ESCENARIO INFANTIL** **Luces, cámara, acción que vén o salón.**  
Concello de Pontevedra.  
Presentación do Salón do libro infantil de Pontevedra. 30'.
- 16:00h **ESCENARIO A** **A Antártida medía 1'72.** Editorial Elvira.  
Presenta o editor Xabier Romero; participa a autora Patricia Meira. Acompañaos Careco teatro (Bea Gea e Pablo Rodríguez Costas) con música de Juan Gardón.
- 16:00h **ESCENARIO B** **Os Eidos.** Fundación Uxío Novoneyra.  
Presentación da Edición de Os eidos de 25 aniversario coa directora da fundación, Branca Novoneyra, a vicepresidenta da Deputación de Lugo Iria Castro, o editor Antón Lopo e a prologuista Nieves Neira.
- 16:00h **ESCENARIO ARTE** **Arte rupestre en Catoira.**  
Cristina Conde Escaloni, estudosa e divulgadora do patrimonio local de Catoira, fala sobre as diferentes tipoloxías de gravados rupestres en Catoira e a importancia da súa protección.
- 16:00h **CINE** Película e coloquio **'Aurora'** (Gaita Filmes) 60 min + coloquio con Area Eirina, directora e Laura Doval, produtora do filme. NRM 12 anos.
- 16:00h **AULA** **Xuntanza.** Clubs de lectura.
- 12:30h **AULA** **Obradoiro Ven e baila.**  
Obradoiro de danza impartido por Artur Puga.
- 16:45h **AULA** **'Quen conta tamén le'.** Clubs de lectura.  
Encontro con Antía Yáñez.

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 17:00h **ESCENARIO INFANTIL** **A Raposa muiñeira.** Editorial Elvira.  
Un día o Courel esperta diferente, non recende coma sempre, escóitanse estraños ruidos, hai lumes de fogueiras, lixo polo monte e polo río e leñadores cortando árbores.  
Xabier Romero (editor), Clara do Roxo (autora) e Francesca d'a Silva (ilustradora) acompañadas pola cantante e actriz Orisel Gaspar e os guitarras Pablo Vila e Pedro Román.
- 17:00h **ESCENARIO A** **Quen quere ser mago?** Obradoiro de maxia para aprender en familia. Economía Social de Galicia.  
A cooperativa Magia en la Manga ensínanos a ser mago por un día. Da man de auténticos magos profesionais, os participantes descubrirán algúns dos segredos mellor gardados dos ilusionistas. 20'.
- 17:00h **ESCENARIO C** **Olga Novo + Su Garrido Pombo.**  
Concerto recital.
- 17:00h **ESCENARIO ARTE** **Espazos alternativos.** Apo'strophe.Arte  
Charla con Marita Carmona, Ana Costas, Ruth Lodeiro, María X Fernández.  
Modera Sara Pérez Bello.
- 17:00h **AULA** **A profesionalización da figura da tradutora galega.** Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación.  
Perspectiva histórica do perfil das profesionais que traducen literatura a galego e reflexión sobre a súa evolución, o papel do asociacionismo nesta e a repercusión na calidade das traducións literarias na nosa lingua: María Reimóndez (tradutora e cofundadora da AGPTI), Ana Luna (investigadora e profesora da UVigo) e Alejandro Tobar (editor). Conduce a conversa Béatrice Pépin.

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



17:30h **ESCENARIO A** **Adiantos AGAPI**

- Curtametraxe 'Monstera', producida por Coven e Maruxiña, presenta Diego R. Aballe e Amanda Seijo, produtores.
- Documental 'Never give up', producido por Danga Danga, presenta Marta Eiriz, produtora.
- Filme de ficción 'Mil Ourelas', producido por Tamboura, presenta Santiago Uria, guionista e Gael Herrera, produtora.
- Curtametraxe 'Adeus, Berta', producido por Kraken Media, presenta Fernando Tato, director e Alba Gallego, produtora.
- Documental 'O silencio herdado', producido Gaita Filmes, presenta Suso López, produtor
- Filme de ficción 'As Labregas', producido por Martela Films presentado por Rosa Taboada, directora.

17:30h **AULA** **Conclusións.** Clubs de lectura.

18:00h **ESCENARIO INFANTIL** **Viaxa con nós ata a última fronteira.** Patasdepeixe. A contadora, actriz e aventureira Iria Pinheiro levaranos polas fragas e os vales alén de todo o que coñecemos, ata a última fronteira. 45'  
De 3 a 12 anos.

18:00h **ESCENARIO B** **Premios Xerais.** Editorial Xerais.  
Conversa coas autoras gañadoras dos Premios Xerais 2024: Marta Villar, Raquel Fernández Fernández e Abel Tomé. Entrevista Teresa Cuiñas.

18:00h **ESCENARIO ARTE** **Spells&spices.** Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos.  
Presentación do videoxogo 'Spells&Spices'.

18:00h **AULA** **Asemblea da Rede de museos e espazos literarios de Galicia RELIGA.**

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 18:00h **AULA** **Hai vida alén dos libros: a tradución de contidos audiovisuais.**  
Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación.  
Evolución do sector da tradución audiovisual cara ao galego desde os anos oitenta, cun traballo centrado na TVG e unha marcada presenza das plataformas: Rosa Camiña (tradutora) e Roi Reinaldo (estudio de dobraxe Cinema Iberolusa).  
Conduce a conversa Manuel Arca.
- 18:00h **AULA** Club de lectura **'O clan das barbies'** de Arzúa Le. Clubs de lectura.  
Coa presenza de Antía Táñez.
- 18:00h **ESCENARIO C** **Combate de debuxantes Alls Stars.** Festa PuntoGal.  
Competición de debuxo improvisado organizada por Autobán na que participan combatentes das provincias de Galicia: Antón Yáñez (A Coruña), Sandra Lodi Lugo), Aarón Moucho (Pontevedra) e Sapocóncho (Ourense).  
Presenta Miguel Porto.
- 18:30h **ESPAZO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Programa de *performance*. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós).  
**Simposion't.** Ana Allegue e Javier Rouco Mariño.
- 18:30h **AULA** **Obradoiro Ven e baila.**  
Obradoiro de danza impartido por Artur Puga.
- 19:00h **ESCENARIO INFANTIL** **A fraga das avoas invisíbeis.** Edicións Fervenza  
Vero descubrirá un lugar maravilloso ao que viaxan as nais cando están enfermas e onde se atopan ás avoas que xa non están connosco.  
Autora: Claudia Castro; Ilustradora: Yolanda López. 30'
- 19:00h **ESCENARIO A** **Reconversión.** Ibuprofeno teatro.  
Adianto da obra de teatro 'Reconversión', con Santiago Cortegoso e o elenco da produción.

# Sábado

30 DE NOVIEMBRE



- 19:00h **ESCENARIO C PAVA.** Festa PuntoGal.  
Concerto.
- 19:00h **ESCENARIO ARTE After juice.** Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos. Presentación do videoxogo 'After juice'.
- 19:00h **CINE** Película e coloquio '**As Neves**' (Cósmica) 83 min + coloquio con Sonia Méndez, directora e Nati Juncal, produtora. NRM 12 anos.
- 19:30h **ESCENARIO ARTE Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Programa de *performance*. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós). **Invierno.** Lista Corredoira.
- 20:00h **ESCENARIO A Mesa narrativa.** Editorial Galaxia  
Con Ana Varela, Miriam Couciero Castro, Lara Dopazo Ruibal e Iria Collazo López.  
Modera Marcos Calveiro.
- 20:00h **ESCENARIO C Caamaño & Ameixeiras.** Festa PuntoGal.  
Concerto.
- 20:00h **ESCENARIO ARTE 'De mar e danza': Mesura, 77.000 e Onde pousa a humidade.** Deputación de Pontevedra.  
Raquel Ferradás, DeXeito e Marcia Vázquez. 3 pezas curtas de danza onde o mar é o protagonista, interpretadas por tres creadoras emerxentes de Galicia.  
Un espectáculo conxunto que formará parte do catálogo +Escénicas.
- 21:00h **AUDITORIO Ultranoite Cultureta.** Chévere.  
Estrea mundial. Con Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Diego Anido, Mónica García, Xesús Ron, Borja Fernández e Arantza Villar. Entrada desde 22€ en cultur.gal



# Domingo

1 DE DECEMBRO



## RECINTO Plató TVG

Un espazo permanente no que probar como é ser presentador/a de televisión.

11:45 h **CINE** Estrea **Bibopalula**

Bibopalula é unha serie de animación musical deseñada para espectadores primeirizos. Producida por Undodez e Televisión de Galicia, e dirixida por Laura Mahía.

12:00 h **AULA** **Xornadas Punto Gal**

Mesa 10 anos de PuntoGal

Saúl Vérez, Xabier Martínez Rolán, Marcos Maceira e Adriana Freire falan da traxectoria de PuntoGal. Modera Bárbara Vilariño.

12:00h **ESCENARIO A** **A Balada do exilio**. Saurobuku.

Poemario que narra a desposesión e o borrado do pobo palestino, dunha cultura e da súa historia. Conta o sufrimento e o trauma das persoas que se ven privadas da posibilidade de retornar ao seu lugar de orixe.

Participan o editor Alfonso Rodríguez, o autor Xulio Cid Neira e a poeta Iria Bragado.

Os beneficios recadados son para as familias palestinas afectadas.

12:00h **ESCENARIO B** **Manuel Rivas, literatura en conciencia**. Editorial Xerais.

Entrevista sobre Tras do ceo, con Susana Pedreira.

12:00h **ESCENARIO ARTE** **Inside Utopía**. Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos. Presentación do videoxogo 'Inside Utopía'.

# Domingo

1 DE DECEMBRO



- 12h a 13:30h **AULA** Obradoiro **'De A a Z'**  
Imparte Xosé Vilamoure. Galería Dodo Dadá.  
Un xogo de palabras que combina a modo de colaxe, xogo, improvisación, imaxinación, e azar. Tamén liberdade, e sorpresa. Técnicas mixtas secas, divertidas e estimulantes. Pinta, debuxa, escribe, borra, recorta. Libérate do medo, e desfruta!! Non importa o resultado, importa o percorrido.  
Idade: de 8 a 90 anos. Prazas: máx. 8
- 12:15h **AUDITORIO** **A nena e o grilo, o camiño das cores**  
A cuarta e última entrega deste espectáculo, o musical infantil máis aclamado na escena galega nos últimos 15 anos. Con Magín Blanco e Ghazafellos. A partir de 3 euros por compra anticipada en [cultur.gal](http://cultur.gal)
- 12:30h **ESPAZO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra**. Programa de *performance*. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós). **Simposion't**. Ana Allegue e Javier Rouco Mariño.
- 13:00h **RECINTO** **Vén e baila**.  
Convocatoria aberta de baile popular guiada por Artur Puga. Con gaiteros e pandereteiras.
- 13:00h a 14h **AULA** Obradoiro **Xogando co Sol. Introducción á fotografía analóxica mediante cianotipia**  
Imparte María Magán.  
Idade: a partir de 12 anos. Prazas: máx. 15
- 16:00h **ESCENARIO A** **Festival Internacional de Cinema de Bueu – FICBUEU**  
Adianto da programación e presentación da 18ª edición do FICBUEU que terá lugar en setembro de 2025.

# Domingo

1 DE DECEMBRO



- 16:00h **ESCENARIO B Premios que tecen redes: Certames Literarios da Deputación da Coruña.**  
Gañadores das edicións 2023 con libro editado en 2024, presentan os seus libros e coméntanos cos xurados e comisión lectoras. Con César Lorenzo (gañador do Torrente en galego), Blanca Paula Rodríguez Maragatos (gañadora do Murguía de ensaio) e Rafael Fernández Lorenzo (gañador do Raíña Lupa).
- 16:00h **ESCENARIO INFANTIL Brunilda e Brunildo.** Editorial Fervenza.  
A ra Brunilda ten que abandonar o seu fogar coa súa nai porque a súa charca secou no verán. Faise amiga de Brunildo sen velo, pois sepáraos un muro, pero comparten inquedanzas e ambos botan de menos o fogar e os seus amigos...  
Autora: Ánxela Gracián. Ilustradora: Jessica Mera.
- 16:00h **ESCENARIO ARTE Creando nun Garaxe Hermético.** Edicións Xerais.  
Alba e Ene, Premio O Garaxe Hermético con IDOL.
- 16:30h **ESPAZO ARTE Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Programa de *performance*. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós). **Simposion't.** Ana Allegue e Javier Rouco Mariño.
- 16:30h **CINE** Película e coloquio **'Los Saldos'** (Acariño Films) 76 min + coloquio con Andrés Sanjurjo, produtor. Non recomendada para menores de 7 anos.
- 17:00h **ESCENARIO INFANTIL Quero Cantar.** Deputación da Coruña.  
Os grupos Hush, –de Teo– e Interestelares –do Morrazo–, finalistas na última edición do Concurso de Música Infantil e Xuvenil Quero Cantar, presentan as súas cancións e amosan o talento e a enerxía da escena máis miúda da música galega.

# Domingo

1 DE DECEMBRO



- 17:00h **ESCENARIO A** **‘A vida, un frenesí’**. Deputación de Pontevedra.  
A Farra Xous. Teatro. 45’  
Esta tola parella de pallasos conta cunha receita para sobrevivir neste frenesí chamado vida: abrir o corazón e non parar de xogar e rir. Espectáculo de comedia clown para tódolos públicos que trata o paso do tempo. Con Adolfo “Popín” Maguna Strasser e Manuel “Lolo” Castro Lima.  
Espectáculo que forma parte do catálogo +Escénicas.
- 17:00h **ESCENARIO B** **A gran final. Contos e contas do fútbol galego**. Edicións Positivas.  
Presentación do libro escrito por vinte dous autores/as, futbolistas e seareiros/as galegos/as, entre eles Xurxo Souto, Patricia Janeiro, Marilar Aleixandre, Bieito Iglesias, Alex Bergantiños, Eduardo Berizzo, María Sabarís, Xosé A. Touriñán e Vero Boquete.
- 17:00h **ESCENARIO ARTE** **A poética das imaxes a través da edición e da disposición no espazo expositivo**. Galería Néboa.  
Presentación de Sabela Eiriz.
- 17:30h **AULA** Obradoiro infantil: **Restauradoras/es por un día**. Concello de Catoira  
Obradoiro no que se realiza unha réplica do Mosaico de Panxón, de Nigrán, empregando a técnica de reintegración cromática. **Ana González**, restauradora de bens culturais, guía no Centro de Activación Cultural Torres de Oeste (Catoira).
- 18:00h **ESCENARIO A** **Quen quere ser mago?** Obradoiro de maxia para aprender en familia. Economía Social de Galicia.  
A cooperativa Magia en la Manga apréndenos a ser mago por un día. Da man de auténticos magos profesionais, os participantes descubrirán algúns dos segredos mellor gardados dos ilusionistas. 20’.

# Domingo

1 DE DECEMBRO



- 18:00h **ESCENARIO INFANTIL** **O rap sen APPs do coello Fedello.** Irene Alonso. Editorial Embora.  
Canta, rima e baila co coello rapeiro máis fedello!  
Contacontos musical para que familias e rapazada se esquezan un pouco dos aparellos móbiles e se animen a xogar e fedellar!  
Público de 4 a 8 anos
- 18:00h **ESCENARIO B** **'Enciclopedia perplexidade' e 'A dama que fala'. Recital de Antón Reixa e Rompente.** Kalandraka e Editorial Elvira.  
Presentación dos dous volumes: 'Enciclopedia perplexidade' de Antón Reixa, Kalandraka, e 'A dama que fala' do Grupo de Comunicación Poética Rompente, Editorial Elvira. Con Alberto Avendaño, Manuel M. Romón e Antón Reixa.
- 18:00h **ESCENARIO ARTE** **Xerme de Acariño.** Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos.  
Presentación do videoxogo 'Xerme de Acariño'.
- 18:00h **CINE** Película e coloquio **'+Cuñados'** (Portocabo) 90 min + coloquio con Luis Avilés, director. Apta para todos os públicos.
- 18:30h **ESPAZO ARTE** **Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Programa de performance. Comisariado por Lupercais Arte (Lucía Estévez- Lucía Leirós).  
**Membrana de refugio. Una política de ensueño.** Candelieri.
- 19:00h **ESCENARIO C** **Somos pandeireteiras.** Real Academia Galega. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.  
Co motivo da designación das pandeireteiras como colectivo homenaxeado no Día das Letras Galegas por parte da Real Academia Galega.  
Participan Ana Boullón (RAG), Ana Fernández, Mar Suárez e Gisela Sanmartín (Asociación Somos Pandeireteiras).  
Conversa guiada por Selina Otero con Ana Romaní, María Reimóndez, Susana Arins, Andrea Nunes Brións e Mercedes Peón.



[cultur.gal](http://cultur.gal)